



**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE
ANTIGUOS TUNOS COMPOSTELANOS PARA A COLABORACIÓN NOS GASTOS DA
XESTIÓN DAS VISITAS DO MUSEO DA CASA DA TROIA PARA O ANO 2016**

En Santiago de Compostela, na sede dos servizos centrais da Consellería de Cultura,
Educación e Ordenación Universitaria, 6 de maio de 2016.

REÚNENSE:

Dunha parte, _____, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude do
seu cargo de Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o que foi
nomeado polo Decreto 15/2015, do 9 de febreiro de 2015, no exercicio das facultades
que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa
Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo
do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, _____, na súa calidade de presidente da Asociación de Antiguos Tunos
Compostelanos (en adiante Asociación), con CIF G-15041486, actuando en nome e
representación da entidade.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas
facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,



MANIFESTAN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega, mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura; preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

A Asociación de Antigos Tunos Compostelanos constitúuse no ano 1979, constando inscrita dende o ano 1988 no censo de asociacións e entidades culturais de Galicia. Naquela data marcouse como obxectivos crear e conservar un Museo Troiano (Museo de titularidade municipal), no que recoller os mitos e realidades da vida estudiantil, da Univeridade Compostelán e da contorna social no que está enmarcada; fomentar as tradicións universitarias e composteláns e colaborar na promoción e realización de actos culturais na cidade, adicando unha atención preferente ás actividades musicais.

Neste ano 2016, ao igual que no ano pasado, esta prevista a realización de visitas guiadas en Semana Santa (do 18 ao 27 de marzo) e na primaveira-verán (dende o 3 de xuño ata o 3 de setembro). Todas as visitas son guiadas e teñen unha duración de 25 de minutos, desenvolvéndose en galego, castelán e italiano.



Por outra banda, para dinamizar e poñer en valor un espazo que é patrimonio non só de Compostela e a súa Universidade, senón tamén de Galicia e de todos de canto evocan con agarimo a vida estudantil, a Asociación desenvolve ao longo do ano diversas actividades co obxecto de contribuír á dinamización do Museo: conferencias, presentación de libros, concertos, exposicións, recitais e debates, centrados na temática e na época da novela.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- É obxecto deste convenio coa Asociación de Antigos Tunos Compostelanos a colaboración cos gastos da xestión das visitas ao Museo da Casa da Troia na súa apertura ao público durante o ano 2016.

A colaboración da consellería é de 8.000 €, e financiarase con fondos propios, con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.432B.481.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2016.

Coa apertura do Museo e a realización destas visitas preténdese que os visitantes poidan disfrutar do entorno no que se recollen os mitos e realidades da vida estudantil compostelán e a súa contorna social.

O Museo atópase en pleno casco histórico de Santiago de Compostela, entre a Igrexia de San Martiño Pinario e a Catedral. Recrea a antiga pensión estudantil inmortalizada por Alejandro Pérez Lugín na súa novela *La Casa de la Troya* e simboliza a Compostela Universitaria da finais do século XIX e comezos do XX.

Este Museo, que pola súa orixinalidade pode considerarse único no seu xénero, é representativo dunha época da vida universitaria e dun ambiente social, perfectamente



retratados por Alejandro Pérez Lugín. O autor levou coa súa obra o nome da Cidade de Santiago de Compostela a todos os recunchos do mundo, rodando en 1924 a primeira das cinco versións cinematográficas da novela, de gran difusión e éxito no seu tempo.

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade, por canto se trata dunha actividade única e especial por todo o que representa o Museo Casa da Troia dentro da cultura e historia compostelana, e é a Asociación de Antiguos Tunos Compostelanos a encargada de realizar e xestionar as visitas do Museo da Casa da Troia.

Por todo o anterior é a Asociación de Antiguos Tunos Compostelanos a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Secretaría Xeral de Cultura, para o ano 2016, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

SEGUNDA.- A Asociación comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Os beneficiarios deberán dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións,



modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa

O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

TERCEIRA.- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprométese a aboar a cantidade de 8.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.432B.481.2, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, código de proxecto 201500372.

Segundo o disposto no artigo 63 do Regulamento de subvencións de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións relacionadas co obxecto deste convenio. A cantidade máxima que se realizará como pago anticipado será de 6.400 €. O pagamento restante, 1.600 €, non se realizará ata que estean integramente xustificadas a totalidade dos gastos correspondentes á actividade subvencionada.

No caso de que a Asociación solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria na que se recollan as actuacións, obxecto deste convenio, que ten previsto realizar así como unha memoria económica xustificativa co custo das actividades.

O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se prevexa a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; o apartado 4 do devandito artigo exonera de constitución de garantía entre outros aos beneficiarios de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, destinadas a familias e institucións sen fins de lucro.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data tope de



presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 30 de novembro de 2016.

A asociación presentará a xustificación da subvención dentro do prazo establecido e incluírá a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
 - Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento.
 - As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Tanto das facturas como do pago enviarase copia compulsada.
 - Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
(Anexo II do convenio).

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

Para que a consellería poida realizar os libramentos, a Asoación deberá achegar unha declaración responsable de titularidade de conta bancaria (Anexo III do convenio).

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2016, dende o 1 de



xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a Asociación non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtivo sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

CUARTA.- A Asociación deberá presentar declaración responsable, para proceder á sinatura do convenio e para o seu pagamento, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no artigo 11 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. (Anexo I do convenio).

QUINTA.- A Asociación comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.



SEXTA.- Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo secretario xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e polo presidente da Asociación.

SÉTIMA.- O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA.- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria cumprirá coas obrigas específicas de información de convenios de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016 de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa. Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

NOVENA.- Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.



DÉCIMA- O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2016, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2016.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións. Esténdese en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	O presidente da Asociación de Antigos Tunos Compostelanos
--	---



ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ATOPARSE AO DÍA NO CUMPRIMENTO DE OBRIGAS TRIBUTARIAS OU FRONTE Á SEGURIDADE SOCIAL E DE NON TER PENDENTE DE PAGAMENTO NINGUNHA OUTRA DÉBEDA COA ADMINISTRACION PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA.

Dona/don _____ con
DNI _____, en nome e representación da
entidade _____, con
CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que a entidade _____, atópase ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias ou fronte á seguridade social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma.

E para que así conste ante a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, de 2016.



ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓN S E DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO/A EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓ NS PARA OBTEN ER A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO DE AXUDAS.

D/Dña _____ con
DNI _____, en nome e representación da
entidade _____, con
CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

A) Que para a seguinte actuación _____, a
devandita entidade solicitou ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:
AXUDAS CONCEDIDAS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

AXUDAS SOLICITADAS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para as mesmas actuacións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

B) Que non se acha incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste ante a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, ___, de _____ de 2016



ANEXO III

DECLARACIÓN DE TITULARIDADE DE CONTA BANCARIA

Don/Dona _____, con
DNI _____, en nome e representación da
entidade _____, con
CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que a entidade á cal representa é titular da conta corrente que de seguido se indica, para os efectos da percepción da subvención derivada da sinatura deste convenio de colaboración.

- IBAN:
- Entidade:
- Sucursal:
- Díxito de control:
- Núm. de conta:

(Lugar e data)

(Sinatura)